

CGAC

CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

ANDANTE
PRODUCCIONES

galicia

DL: C-1877-2013 Rosalía

150^o
aniversario de
CANTARES
GALLEGOS



Cantares gallegos de Rosalía de Castro

Músicas para o
150.º aniversario
da súa publicación

Joaquín Pixán, *tenor* Alejandro Zabala, *pianista* Teresa Novoa, *soprano*

Concerto de presentación
Mércores, 16 de outubro ás 20:00 h
Centro Galego de Arte Contemporánea
Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

150.º aniversario

Cantares gallegos de Rosalía de Castro

O poemario de Rosalía de Castro, que celebra este ano o 150.º aniversario da súa primeira publicación, ten sido felizmente levado á partitura por un gran número de compositores, sexa en forma de *lied* ou canción culta, nun tratamento popular achegado ás tradicións musicais de Galicia ou mesmo noutras tendencias musicais moi diversas, desde o pop ao jazz ou ao rap.

Este proxecto que hoxe presentamos é froito do traballo de dous músicos de primeira orde, o tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala, que renovan nel a súa identificación coa sensibilidade lírica desta terra, xa demostrada en tarefas anteriores, como a gravación dos poemas de Cabanillas no 125.º aniversario do seu nacemento.

Zabala e Pixán recuperan, nesta ocasión, coa complicitade da soprano galega Teresa Novoa, as cancións que diversos compositores do século XX crearon sobre algúns poemas de *Cantares gallegos*. Os mestres García Abril, Joaquín Rodrigo, Jesús García Leoz, Andrés Gaos, Jesús Legido, Octavio Vázquez, Juan Durán e Tomás Marco mergulláronse de cheo na musicalidade dos textos rosalianos para construíren estas obras que agora ven a luz nun disco que será, sen dúbida, un novo referente da Rosalía cantada e da mellor música nacida ao servizo da poesía.

Coa celebración deste concerto de presentación e coa colaboración na edición deste traballo discográfico, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria completa unha ampla programación de iniciativas para o estudo e difusión de *Cantares gallegos* que ao longo deste 2013 se veñen desenvolvendo co gallo do 150.º aniversario da publicación da obra de referencia do noso renacer cultural.



PROGRAMA

I

Jesús Legido *Alborada*
(Valladolid, 1943) *Mañanciña*
Atardecer
Noite
Soidades

Andrés Gaos *Rosa de abril*
(A Coruña, 1874 - Mar del Plata, 1959)

Tomás Marco *Cando a luniña aparece*
(Madrid, 1942)

Juan Durán *Un repoludo gaiteiro*
(Vigo, 1960)

II

Antón García Abril *Cando vos oio tocar*
(Teruel, 1933) *Has de cantar, meniña gaiteira*

Jesús García Leoz *O meu corasón che mando*
(Oleite, 1904-Madrid 1953)

Octavio Vázquez *Como chove miudiño...*
(Santiago de Compostela, 1972) (ESTREA ABSOLUTA)

Joaquín Rodrigo *¡Un home, san Antonio!*
(Sagunto, 1901 - Madrid, 1999) *Adiós ríos, adiós fontes*
Cantarte hei, Galicia